

CÍRCULOS DE DIALOGO




Estas semanas estivemos a por en práctica a formación que estamos a facer sobre as prácticas restaurativas na educación nos cursos de 1º e 4º de EP.

O enfoque restaurativo permite construír un conxunto de valores, actitudes, tradicións, comportamentos que rechazan a violencia e prevenen os conflitos e así solucionar os problemas mediante o diálogo entre as persoas.

Para comezar os círculos restaurativos, comezamos cos círculos de diálogo, xa que as ferramentas principais que utiliza o enfoque restaurativo son: escoita activa, diálogo restaurativo, Comunicación No Violenta (CNV), círculos restaurativos e reunións restaurativas. Estas pequenas reunións reforzan os vínculos afectivos e melloran a convivencia na escola.

Comezamos cunha reunión en 4 grupos de catro no que debía rodear unha das palabras da lista que léndoa nos fixera pensar en que nos fai sentir ben? Con isto preténdese identificar as necesidades do grupo.

GRUPO DE 1º Que é o que necesitas para sentirche ben?



Continuamos a sesión despois no círculo para compartir cada quen a necesidade que rodeou.

Antes de comezar lles mostramos visualmente as normas do círculo.

No círculo, o obxecto que pasa de man en man utilízase para dar a quenda de palabra. O obxecto pode moverse no sentido das agullas do reloxo ou en sentido contrario. Só a persoa que ten o obxecto ten dereito a falar. En 1º utilizaron unha pelota brandiña e en 4º unha baqueta.

Cando lle chega o obxecto a unha persoa pode falar, pero tamén ten dereito a pasalo. Ninguén debe sentirse obrigado a participar, aínda co tempo a maioría das persoas síntense seguras para facelo.

Círculo 1º

Como este fin de semana foi longo, había unha necesidade de contar, así que o luns se fixo un círculo coa pregunta Que foi o que che gustou facer esta ponte?

Grupo de 1º



Grupo de 4º



Estes momentos de círculos son para coñecernos mellor e dar la oportunidade a todo o grupo de poder compartir cousas que son reais e significativas para o grupo. Esta técnica funciona ben si porque o tema a traballar xenera moitas ideas e sentimentos. Nestas reunión trabállanse necesidades como pertenza, respecto, empatía e recoñecemento.

En 4º levan 3 reunións con círculos de diálogo; e as preguntas a desenvolver foron:

Se puideras elixir un superpoder... cal elixirías?

Cal foi o mellor día da túa vida?

Que che gusta facer nun día de choiva?

A experiencia que estamos tendo, con estas primeiras tomas de contacto cos círculos pueden é moi positiva; xa que da a oportunidade de compartir e coñecer aos demais.